

REFLEXIÓNS SOBRE O DÍA DA PATRIA

Manuel Herminio Iglesias

Coma se dun rito obrigatorio se tratara, fun a Santiago o 25 e topeime con moitos compañeiros aos que había tempo que non vía. Todos estabamos máis maiores e lembrabamos tempos e historias de anos pasados, e coincidíamos en que a situación do nacionalismo pasaba por unha encrucillada á que había que darlle unha solución positiva. Vellas consignas, algunhas fora de lugar, eran coreadas polos máis novos. Os máis maiores, máis cautos e experimentados, comentábamos que estaba a chegar a hora dunha mudanza no modelo de nacionalismo e, sobre todo, nas formas de explicalo e transmitirlo á cidadanía. Pois todos somos conscientes de que camiñar cara radicalización nunha sociedade que non é radical é o mesmo que ir cara a marxinalidade política e o testimonialismo.

Lembrei os vintecico anos da chegada dos restos de Castelao e comentei como a dereita máis reaccionaria se apropiaba deste icono tan preciado para nós. O mesmo presidente facía diante do sartego, no que repousa o rianxeiro universal, un discurso no que falaba de galeguismo amable, mentras se plega aos intereses reaccionarios de grupúsculos que nos tratan de paduanos e “pueblerinos” por defendermos o símbolo máis prezado da nosa identidade: a lingua.

Pensei no que significa a verba nacionalismo e percibin que moitos galegos o vinculan ao independentismo, cuestión que non é verdade nin por asomo. Decateime que nesta terra unha cousa é como te ven e outra como realmente eres. E seguindo este fio argumental, hai cantidade de medios informativos encargados de distorsionar a imaxe do que é o nacionalismo galego. E a pregunta que moitos nos facemos radica en saber que intereses ocultos hai para demonizarnos e inventar tantas falsedades sobre os que pensamos que Galiza pode avanzar máis facéndose valer diante dos poderes do Estado do que somos parte. O nacionalismo a día de hoxe significa acadar máis poder económico para xestionar a nosa economía; é ter máis capacidade de decisión para defender os intereses dos nosos empresarios, gandeiros e mariñeiros diante da Unión Europea. É unha teoría política e económica que non vai contra o nacionalismo español nin é antiespañol; non. É outra forma de ver e entender o Estado. O nacionalismo galego é integrador, colaborador coas políticas do goberno central, pero partindo sempre de defender aquelas cuestións que son básicas para o desenvolvemento desta terra. Eu poño por exemplo a comunidade Navarra. Os navarros non son separatistas; non son antiespañóis pero o seu concerto económico deféndeno por riba de calquer cuestión e argumento que veña de Madrid. Se nós os galegos falamos de tentar administrar os nosos recursos, ou de pedir máis cartos para esta terra, axiña tratan convencernos de que somos un país subsidiado e insolidario; de que somos separatistas ou vivimos atados a unha visión anacrónica da historia. Pero si o nacionalismo galego sempre traballou partindo dos principios de solidariedade, de respecto ao Estado; ¿Cal é o motivo para que non se entenda esta mensaxe tan clara e sinxela e se nos demonice tan insistentemente?

Este ano en Compostela moitos galegos saíron á rúa a dicir que temos dereito a conservar a nosa personalidade colectiva, e con ela temos dereitos que non se deben perder. Saímos á rúa para festexar a nos historia común, sentirmos orgullosos deste solar tan fermoso chamado Galiza. Pero namentras camiñabamos polas rúas, moitos debatíamos de que o nacionalismo galego ten que facer un esforzo de pedagogía, de modernidade; ten que facer un esforzo de comunicación e, posiblemente, despoxarse de iconos ideolóxicos que xa non son referentes de nada no mundo; iconos que endexamais estiveron nas orixes deste movemento cívico nin conformaron a doutrina de Castelao e os membros da súa xeneración. Por eso, eu quero deixar unha pregunta

no aire: ¿Vale de algo axitar os estandartes de marxinalidade e falso progresismo baseado en ideoloxías políticas que fracasaron estrepitosamente no mundo?. Eu penso que perxudica. E moito máis cando, na práctica política diaria, non se poden poñer en marcha estas cuestións pois son, a día de hoxe, inviables. Pois ben, si eso non pode ser, a que ven tanta escena de falso radicalismo. Eu penso que samente ven a perxudicar a imaxe desta corrente política, e con elo a impedir que nos achegemos a segmentos da poboación que hoxe nos son esquivos e inaccesibles.

Un ano máis voltei a Compostela a falar cos amigos, a festexar a patria e decateime que os discursos e as proclamas políticas que escoitei na Quintana eran case as mesmas que hai hoxe 20 anos. E eso di pouco, alomenos para min que esperaba trocos no fondo e na forma.